



eu **ensino** **en** **galego**

**GUÍA PARA A NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DESDE OS EQUIPOS DE
NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA (ENDLG)**

Valentina Formoso Gosende



GUÍA PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DESDE OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (ENDLG)

Valentina Formoso Gosende

EDITA: CIG-Ensino
Rúa Miguel Ferro Caveiro nº 10
15703 Santiago de Compostela

MAQUETACIÓN: mangráfica

IMPRIME: Imprenta Brasil
Avda. de Lugo, 215
15703 Santiago de Compostela

Índice

1. INTRODUCCIÓN	7
2. O TRABALLO NOS EQUIPOS. CONSIDERACIÓNS	11
2.1. Mudan os tempos, mudan as vontades?	11
2.2. Deseño dun proxecto normalizador	13
2.2.1. Para saber onde estamos. Análise do contexto	16
2.2.2. Deseño de obxectivos.....	21
2.2.3. Deseño de actividades.....	23
2.2.4. Temporalización e orzamento	30
3. O EQUIPO: UN RETO	33
3.1. Sempre se pode facer algo	33
3.2. Desenvolvemento de actividades. Algúns exemplos	40
3.2.1. Normalizar a través das ondas. As radios dos Equipos ou os Equipos na radio	40
3.2.2. Normalizar nas materias STEAM	43
3.2.3. Normalizar sen esquecer as nosas orixes: regueifa, toponimia.....	46
3.2.4. Normalizar e integrar. O alumnado migrante	49
4. A XEITO DE PECHE	53

Equipos de Normalización Lingüística. Orientacións e propostas

Como indicabamos no documento Pon ao día o proxecto lingüístico de centro, primeira entrega da campaña botada a andar pola CIG-Ensino «Eu ensino en galego», o contexto de emerxencia lingüística que vivimos fai que, unha vez máis, constatemos que o profesorado é o modelo lingüístico a seguir polo alumnado. E é por isto que desde a campaña en xeral, e desde os documentos a ela vinculados en particular, facemos un chamamento a cada docente para que exerza o seu labor desde unha conciencia lingüística implicada e crítica con respecto á situación social da lingua galega.

Coa intención de facilitar o traballo do profesorado que coordina ou participa nos ENDLG, facemos agora esta nova entrega centrada nos mesmos. Somos conscientes de que é necesario alimentar as iniciativas que se desenvolven nos Equipos dada a precariedade e voluntarismo co que moitas veces se traballa desde eles. Así, esta guía ofrece unha serie de útiles, prácticas e acaídas reflexións, recomendacións e propostas de actividades que a autora, Valentina Formoso, desde a súa ampla experiencia e formación neste campo, nos achega.

Por outro lado, consideramos que calquera iniciativa que se leve a cabo é boa tendo en conta que a única mirada de atención cara á nosa lingua parte dos propios centros de ensino, normalmente a través dos ENDLG, á que non se suma, como debera, a da Administración educativa, que nin sequera cumpre os exiguos mandatos do Decreto en vigor: os Equipos non contan con recursos técnicos, nin coa dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e de materiais precisos, nin hai un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo como campá na norma.

Somos sabedoras de que, malia ser o ensino o ámbito no que se forxa a sociedade do futuro e estar o alumnado entre a franxa de idade que máis acusa a perda de competencia e uso do galego, a mencionada situación de emerxencia non son quen de revertela na súa totalidade os ENDLG por ben titánico que sexa o seu esforzo. É precisa unha nova Política Lingüística que, no ámbito do ensino, comece por derrogar o Decreto de Plurilingüismo e continúe, entre moitos outros aspectos, por formar o profesorado e dotar de recursos humanos e económicos os Equipos. Entre tanto, animamos o colectivo docente a traballar con compromiso e activismo cos vimbios que, polo de agora, temos para non decaer na meta de dignificar e incrementar o uso da nosa lingua. Confiamos en que este traballo ha de servir de axuda.

1. Introducción

DECRETO 79/2010

Artigo 15º. Equipos de dinamización da lingua galega¹.

1. Para potenciar o uso da lingua **galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega**, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente.

2. **A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos.** Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un **papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.**

Segundo a lexislación actual (DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia), (artigo 15), en **todos os centros públicos** hai que **constituír un Equipo de Dinamización da lingua galega (EDLG) para potenciar o uso da nosa lingua**. Estará formado por profesorado, persoal non docente e, agás en infantil e primaria, tamén por alumnado. A dirección do centro é quen nomea e supervisa o EDLG e as competencias da persoa coordinadora han de estar establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros. Terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega

1 A letra negra é nosa.

para o que contarán con apoio técnico, dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e materiais en galego.

Nese mesmo Decreto 79/2010 existe un artigo previo a este citado, o artigo 11º referido á «Potenciación da lingua galega nos centros», que di textualmente:

Coa finalidade de promover o uso do galego nos centros, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Mais sabemos que a realidade nos centros educativos dista bastante dos presupostos da redacción anterior. A realidade que viven os Equipos de normalización e dinamización da lingua galega (ENDLG) nos centros públicos caracterízase por un lote de deficiencias que se veñen de sinalar no estudo realizado polo CCG², presentado nos «Encontros para a Normalización Lingüística»³ o pasado outubro e que xa se escoitaran en xaneiro dese mesmo ano nas IV Xornadas de Normalización Lingüística celebradas pola CIG-Ensino e a AS-PG. As eivas que teñen os Equipos lévanse **denunciando décadas**, de feito coinciden, en gran medida, coas presentadas no primeiro curso para os ENL (Equipos de Normalización Lingüística) dos centros de ensino no ano 1999⁴. Daquela solicitábase maior apoio económico e humano por parte da Xunta, así como formación para o profesorado, pedíase facer seguimento do cumprimento da lexislación, anotábase a necesidade de coordinación entre os ENL, pedíanse materiais didácticos de apoio e mais o recoñecemento da figura da persoa coordinadora do ENL. Agás esta última demanda, o resto seguen solicitándose a día de hoxe.

2 O estudo titúlase: *Análise da situación dos SNL da Administración pública galega e dos EDLG dos centros de ensino* e saíu á luz no outono de 2025 publicado polo Consello da Cultura Galega (CCG).

3 No citado estudo (CCG, 2025:76) anótanse como puntos débiles: as limitación de tempo e carga de traballo, falta de implicación e compromiso da comunidade educativa, o problema orzamentario, a propia situación sociolingüística ou a falta de formación e recursos ou a pouca planificación e deficiente execución das actividades.

4 Pódese ver un resumo deste curso e as demandas dos Equipos no número 7 do Boletín da Coordinadora de traballadores e traballadoras de Normalización da Lingua (CTNL)

A falta de formación faise patente en que hai 15 anos que o plan da Consellería non contempla cursos relacionados coa normalización e dinamización lingüísticas. **Non ten capacidade esta guía para cubrir esa falta de formación**, só pretende ser un documento de axuda no que apoiarse para poder desenvolver un traballo necesario e que en moitos centros está paralizado, ou que non cobre os obxectivos básicos para o que foi creado un ENDLG. Téntanse ofrecer, desde a reflexión, algunhas ideas para sobrevivir nos tempos que corren, mais sendo conscientes de que cómpre seguir reivindicando case os mesmos puntos das últimas tres décadas.

2. O traballo nos Equipos⁵. Consideracións

2.1. MUDAN OS TEMPOS, MUDAN AS VONTADES?

Os Equipos, chamados hoxe de Dinamización, naceron no ano 1991 co nome de «Equipos de Normalización Lingüística», pasando a ser «Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística» a partir de 2007.

Para demostrar que a denominación é importante, achegámonos en primeiro lugar á definición dos termos «normalización» e «dinamización». Ambos refírense á «acción ou efecto de», no primeiro caso, de **normalizar**, isto é, segundo a RAG, «Facer volver á normalidade [algo que non a ten ou que a perdeu]»; no segundo de **dinamizar** ou «Facer que [algo] se desenvolva ou se poña en acción, comunicándolle enerxía ou dinamismo».

Aplicado aos Equipos, reafirmámonos en que «A normalización (da lingua galega) é o obxectivo e a dinamización atende á planificación e ás estratexias, mais só ten sentido dentro daquela» (Formoso, 2013:135⁶). Tal e como xa se expuxo neste traballo citado, así como en moitos outros, houbo unha intencionalidade á hora de eliminar do nome dos Equipos a palabra «normalización», para deixar só «dinamización» cando este termo non ten ningún sentido se non existen Proxectos Lingüísticos de Centro (PLC) serios e con vontade de que o galego ocupe o seu lugar central partindo da concepción dun plurilingüismo inclusivo. De aí que moitos Equipos non mudaron o seu nome a partir de 2010 e mantiveron o termo «normalización».

Na *Guía para a Planificación lingüística nos centros de Ensino* (Fernández Paz et alii, 2007), difundíuse o termo «dinamización» co sentido de poñer a andar actividades (estruturadas) que pertencen a unha planificación lingüís-

5 Nesta guía empregamos o termo Equipos para referirnos ao que na actualidade se denominan EDLG segundo a lexislación, mais que pretenden ser auténticos «Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua Galega».

6 Formoso Gosende, V (2013): «A normalización usurpada» en Candedo Gunturiz, M: A educación: dereito ou mercadoría?, Laiovento (Brión).

tica que ten que haber nos centros⁷. O problema preséntasenos cando se fala de «dinamizar» sen existir tal planificación e sen que se deseñase un PLC (Proxecto Lingüístico de Centro) concibido tal e como definiron, naquela altura, na tal guía, ou como vén de definir Sofía Rama na recente publicación da CIG-Ensino.

Principios básicos dun equipo

- ▶ O obxectivo principal é NORMALIZAR a lingua, polo que todas as actividades deberían responder a uns obxectivos destinados a ese fin.
- ▶ O labor dos Equipos ten que ter repercusión no propio centro, o Equipo traballa para normalizar a lingua na súa comunidade educativa. Se logo é posible tentará estender o seu labor á contorna.
- ▶ A comunidade, pero especialmente o alumnado, ten que saber que o Equipo existe.
- ▶ A implicación do maior número de persoas da comunidade no traballo do Equipo é fundamental.
- ▶ O Equipo debería ter unha presenza transversal en todas, ou case todas, as actividades que se desenvolvan no centro, da índole que sexan.
- ▶ Os estigmas asociados á lingua galega van ser os impedimentos máis grandes para o labor que se queira desenvolver no Equipo, polo que é imprescindible intervir para tentar mudalos ou eliminalos.

Traballarmos a prol da normalización da lingua galega e da súa dinamización nos centros educativos, facéndoo de forma sería e responsable, e sendo conscientes das eivas e carencias que rodean os Equipos (sen formación, sen asignación suficiente de horas⁸, sen recoñecemento, con esixencia de burocracia, con orzamentos ridículos que chegan un mes antes de ter que xustificalos...) require unha dose grande de **compromiso e activismo**.

7 A **dinamización lingüística nun centro educativo** consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de **actividades** que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren a **posta en marcha e mais o funcionamento da planificación lingüística educativa** (Fernández Paz, A. et alii (2007): *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia (**A negra é nosa**).

8 Salvo honrosas e escasísimas excepcións, só ten redución horaria de dúas, como moito tres horas, a persoa coordinadora.

Non é así noutras coordinacións coma as das Bibliotecas, onde se sente un impulso e apoio institucionais constantes. Somos conscientes de que procurar a normalización da lingua significa, para moitas persoas, incomodar. Incomódase porque hai que mover os marcos do imaxinario que boa parte da poboación ten sobre a lingua, imaxinario que está baixo o paraugas dunha ideoloxía lingüística que considera o galego como lingua B, lingua de segunda.

O traballo nos Equipos ten que ter sempre isto presente e consideramos que así o ten que transmitir. **Normalizar non é atentar contra ninguén, nin «impoñer» unha lingua por riba doutra. Normalizar é ter claro o obxectivo: dignificar a nosa lingua e aumentar os seus usos.** Polo tanto, para normalizar hai que dinamizar moitas actividades e, dun xeito ou doutro, mover consciencias.

Coordinar un equipo, ben nun centro ao que chegamos de novo, ben nun centro no que xa traballamos anos, require dunha planificación anual, porque os centros mudan debido a que as persoas que están dentro deles mudan e, polo tanto, mudan as vontades, os apoios, as realidades do alumnado e familias e tamén... porque a sociedade, no seu conxunto, muda.

2.2. DISEÑO DUN PROXECTO NORMALIZADOR

Sabendo que os Equipos, chámense como se chamen, teñen como función «normalizar» a lingua galega, o primeiro paso será deseñar un proxecto normalizador, isto é, unha **programación anual con obxectivos, actividades, temporalización e orzamento**.

Sendo conscientes de que isto supón un salto de obstáculos, cómpre redactar esa programación **a principio de curso para desenvolver, como mínimo⁹, todo o curso escolar**. Ese documento será a base do *Proxecto de fomento do uso do galego* que hai que entregar cando saia a convocatoria (que adoita ser en xaneiro) para recibir axudas económicas para o desenvolvemento deste. Esta convocatoria acaba resolvéndose a finais de curso e só permite xustificar gastos entre xaneiro e xuño. Daquela, mentres non muden

⁹ Se a persoa coordinadora e os membros do profesorado do Equipo son estables, pódese pensar e deseñar un proxecto plurianual, ou, dentro do proxecto anual, algunha actividade plurianual.

isto (algo que se vén demandando desde sempre, faremos a nosa planificación contando cun **orzamento provisional (vid punto 2.2.4).**

OBSTÁCULO QUE HAI QUE SALVAR:

Programar sen orzamento ou con orzamento provisional

Con máis ou menos cartos tentaremos programar actividades que se axusten á nosa realidade. Isto xa condiciona o que sería unha programación ideal, cuxas ideas se propoñen no punto seguinte (vid. deseño de actividades), mais cremos que, a pesar disto, non podemos abandonar os ENDLG. Pensemos que sempre hai opcións de actividades de baixo custo ou de accións que poidamos sufragar coa axuda doutros departamentos ou de institucións externas. Estas actividades terán que ser **aprobadas no Consello Escolar** que normalmente se convoca entre outubro e novembro para aprobar todas as actividades do centro. Cómpre enviarlle á dirección do centro un documento cunha pequena descrición das actividades que se pretenden realizar, uns obxectivos e mais unha temporalización xenérica.

Todos os estudos feitos nos últimos tempos demostran que os obxectivos que prescribe a LOMLOE¹⁰ de que, ao final a educación básica, o alumnado deberá alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e na lingua cooficial correspondente non se cumpren, tal e como se expuxo no estudo da RAG¹¹. Ao mesmo tempo é evidente unha caída moi relevante dos usos entre a xente nova (IGE), algo do que non podemos acusar ás persoas migrantes que chegaron nos últimos anos á nosa comunidade, pois esta caída de usos responde a moitos máis factores. Sabendo que non é responsabilidade dos Equipos amañar esta situación, si defendemos que é desde eles desde onde sempre hai que sementar e aínda que, igual ca en todas as sementeiras, ás veces non prende todo o que quixeramos, polo menos deixamos o terreo labrado para que alguén continúe a sementar...

10 A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

11 Loredó, X e Silva, B (coord) (2020): *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. Seminario de Sociolingüística, RAG.

ERROS QUE DEBEMOS EVITAR NA REDACCIÓN DA PROGRAMACIÓN OU PROXECTO DO EQUIPO:

- ▶ Copiar un documento doutro centro cando non encaixa coas necesidades do noso.
- ▶ Manter o mesmo documento que se leva empregando anos no centro sen valorar as mudanzas de alumnado, profesorado, formación do equipo... e sen que nunca fose avaliado.
- ▶ Elaborar un documento só para presentar á subvención da SXPL (axudas de fomento do uso do galego) pero que non é a programación de traballo anual.
- ▶ Confundir as actividades que ten que desenvolver o Equipo con festivais de fin de trimestre ou efemérides da programación de extraescolares.
- ▶ Elaborar unha programación por parte da persoa coordinadora sen consensuala con ningún máis.
- ▶ Pensar e deseñar un proxecto sen estudar as posibilidades e dificultades de executalo.

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN OU PROXECTO

1. **Introdución.** Faise unha panorámica da situación do Equipo (quen o compón, apoios cos que conta, circunstancias especiais do centro...) e calquera dato que poida ser de interese para comprender a programación que se deseña.
2. **Situación sociolingüística.** Explicarase a situación xeral do centro, do alumnado, profesorado e familias. Faremos referencia a calquera estudo que exista sobre a contorna.
3. **Obxectivos.** Indicaremos os obxectivos xerais que buscamos para o noso centro e particularmente para algún colectivo, nivel...
4. **Actividades.** Iremos describindo as actividades que escollemos para desenvolver os obxectivos, sinalando as persoas destinatarias e os elementos que precisaremos para levalas adiante. Ao tempo que facemos esta descrición xa podemos incluír:
 - a. Temporización xenérica. Podemos facer 4 grupos (1. Aquelas actividades que nos van ocupar todo o curso; 2. As actividades do 1º trimestre; 3. As actividades do 2º trimestre ; 4. As actividades do 3º trimestre)
 - b. Un orzamento aproximado para cada actividade.

2.2.1. Para saber onde estamos. Análise do contexto

Cando collemos a coordinación dun Equipo e deseñamos por primeira vez unha programación, non nos podemos deixar guiar polo «aquí sempre se fixo así», pero tampouco hai que pensar que cómpre rachar con todo o que estaba feito. Cómpre, en primeiro lugar, analizar, avaliar, ver posibilidades e planificar para a realidade que temos no momento no que estamos.

Todo proxecto ten que ter uns obxectivos e estes deben deseñarse en función das necesidades do noso centro e en función do equipo co que se conte, dos apoios no centro, do orzamento, etc... Mais para iso temos que saber ben onde estamos. Daquela cómpre analizar dúas cuestións importantes, por un lado, revisar (ou facer) unha análise sociolingüística da comunidade educativa e, polo outro, valorar os apoios que imos ter no centro. Con todo, mesmo sen ter feito un estudo sociolingüístico e sen termos ningunha colaboración, sempre poderemos dar pasos cara á normalización.

Que lingua usa cadaquén? Estudo sociolingüístico

No PLC ten que estar actualizada, cada catro anos, a análise sociolingüística de toda a comunidade educativa, mais no caso de que non estivese feita, mentres se pon en marcha, ou mentres se actualiza (co noso impulso), pódense –partindo dunha observación xenérica– deseñar actividades básicas.

Nun centro urbano onde, facendo «sociolingüística de oído», xa sabemos que a inmensa maioría do alumnado é castelanfalante, teremos que pensar en accións que provoquen usos orais da lingua, sobre todo en contextos non formais. Isto non quere dicir que xa non teñamos que facer ningunha análise, porque si que cómpre saber canto alumnado usa o galego na casa, que nivel de uso hai na súa familia... para logo poder intervir con accións planificadas. O que queremos transmitir é que non deberíamos ter o ENDLG parado por falta dun PLC, nin tampouco podemos copiar unha análise doutro centro, aínda que estea no mesmo concello, porque calquera planificación ten que estar deseñada para o propio centro tendo en conta a súa idiosincrasia. Daquela, unhas das accións que se poden desenvolver, de non estar en marcha o PLC, pode ser facer algunhas das enquisas sobre usos lingüísticos. Nos centros de primaria e secundaria deberíase, cando menos, facer

a do profesorado cando non sexa posible abordar a do alumnado en centros moi numerosos. Nos centros de infantil, deberíase pasar as enquisas ás familias dos nenos e nenas que entran o primeiro ano, pero non para delimitar en que lingua hai que dar as aulas (lembramos a sentenza en contra dese artigo do Decreto 79/2010), senón para ter unha panorámica sobre que puntos debemos incidir (a ruptura da transmisión, a falta de uso, o descoñecemento real da lingua...).

Se xa temos a análise sociolingüística que se require facer para o PLC cada 4 anos empregámola pero tendo en conta¹² que, sempre que sexa viable, tentaremos:

- ▶ Pasar enquisas ao alumnado que se incorpora cada ano novo ao centro (enquisas xenéricas para 1º de EP cando haxa cambio de centro, para 1º ESO... e enquisas particulares ao alumnado de nova incorporación).
- ▶ Pasar enquisas ao profesorado, se houbo mudanzas importantes do cadro de persoal.
- ▶ Investigar sobre as actitudes cara á lingua dalgunha forma non cuantitativa xa que estas non se aprecian ben a través de enquisas onde, moitas veces, as persoas poden contestar o que se espera que digan e non o que realmente pensan. Se facemos preguntas desta índole nas enquisas sempre hai que tomar os resultados con cautela e estar pendente deilos contrastando con formas de proceder e con opinións que poidamos recoller, por exemplo, en reunións máis ou menos formais coas familias ou co profesorado.

Apoios e colaboracións

▶ Formando o Equipo. Con quen pode contar entre o profesorado?

Se a persoa coordinadora é nova no centro, feito que non é o máis desexable mais que pode darse, terá que pedir colaboración no primeiro claustro e esperar que profesorado implicado se lle achegue para formar parte do Equipo. Conforme o curso avance, xa teremos máis claro a quen lle poderemos pedir tamén algunha axuda puntual ou quen non só non axuda, senón que impide o bo desenvolvemento do noso traballo.

¹² As opcións que se dan son ideais, pero valorarase a súa execución segundo as axudas que teñamos.

Se levamos tempo no centro, podemos ter idea, xa cando comecemos, daquel profesorado que entraría nalgún dos 5 grandes grupos en que, de maneira moi xenérica, poderíamos definir a **actitude** de compañeiras e compañeiros cara ao Equipo e o traballo normalizador:

- Implicada. O profesorado con implicación na normalización, con vontade de traballo e que vai colaborar e axudar, sempre que poida, en todas as propostas.
- Receptiva. Actitude daquel profesorado que non se implica no traballo do Equipo pero é receptivo e acolle, en maior ou menor medida, as propostas que lle fagamos.
- Fuxidía. Non se manifesta en contra das actividades normalizadoras pero foxe ante a posibilidade de ter que colaborar.
- Despistada. Non ten conciencia da existencia dos Equipos e non sabe para nada cal é a súa función. Pode confundir as súas actividades coas de calquera outro departamento.
- Hostil.

Poderemos, segundo o que organicemos, pedirlle colaboración a calquera persoa dos catro primeiros grupos e mesmo ás veces, unhas con máis vontade ca outras, poden axudar a desenvolver actividades que mesmo lles poden parecer de interese.

Teñamos en conta que non existe un perfil de profesorado para formar parte do Equipo. A maioría das veces, tanto a coordinación coma a formación do grupo de traballo, recae nos membros do departamento de lingua galega. Este feito non é negativo, pero que haxa persoas comprometidas tamén doutros departamentos e que sexan cabezas visibles axuda a romper co estereotipo que liga as actividades normalizadoras unicamente coas persoas do departamento de lingua galega.

Cómpre tamén ter en conta que ser galegofalante habitual non é condición *sine qua non* para formar parte do equipo, mais si ser coherente cos principios que se profesan desde un ENDLG, polo que as persoas que non usan habitualmente o galego na casa, si deberían manter un uso no centro que non sexa diglósico e que non asente prexuízos vellos e novos cara á nosa lingua.

Para que un Equipo funcione é preciso que se procure que os seus membros sexan algo máis ca un grupo en que cadaquén se encarga dunha parcela. Difícil é formar e manter «equipos» se non hai horas comúns de reunión, mais hai que tentar achegármolos o máis posible a este obxectivo. Remarmos na mesma dirección e optimizarmos o traballo ao apoiármolos unhas noutras só se vai resolver con comunicación, se non pode ser sempre presencial, exploraremos formas do ámbito dixital (reunións virtuais, comunicacións dixitais: correo, whatsapp...). A organización do traballo, reparto de tarefas, seguimento das actividades, acordos... deberían recollerse nalgún tipo de acta.

OBSTÁCULO QUE HAI QUE SALVAR: Formar equipo, e traballar como equipo, sen ter horas de reunión.

Nos centros en que o alumnado ten que formar parte do Equipo é imprescindible que este se sinta parte integrante, polo que é necesario, non só que desenvolva tarefas que nós deseñemos, senón que tamén se reúna para ser preguntado pola súa opinión no deseño de certas actividades. Os tempos de lecer son os grandes castigados para poder desenvolver estas xuntanzas (recreos, hora do xantar cando hai aulas de tarde, etc). Ademais, adoita pasar que o alumnado voluntario está en varios equipos de traballo.

► Outros apoios: busco COLABORAR con...

A colaboración activa entre equipos permite crear un proxecto educativo conxunto, transversal e coherente, actuando a lingua galega como eixe vertebrador. A suma de esforzos dá lugar a accións máis visibles, integradoras e significativas, que conectan coa totalidade do alumnado e fortalecen o sentido de pertenza.

Os centros contan con outros equipos de traballo nos que o ENDLG debe atopar sinerxías. O labor que se desenvolva na Biblioteca, Equipo TIL, Club de ciencias, Polos creativos, Igualdade, Convivencia e Benestar... debería ter como elemento transversal o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua porque o labor dos Equipos resulta máis eficaz cando se constrúe de maneira cooperativa, en diálogo constante co resto das coordinacións do centro.

A existencia dun Equipo TIL no centro, cuxa actividade teña como obxectivo normalizar o galego, podería ser unha peza base do ENDLG. A existencia ou non dun traballo que procure a normalización do galego a partir dun labor integrado das linguas vai condicionar calquera programación. Mais tamén vai ter moita importancia o enfoque que exista no centro arredor do plurilingüismo, isto é, se se está a traballar, ou non, na mellora da competencia comunicativa do alumnado partindo dun plurilingüismo inclusivo que teña como eixe vertebrador a lingua galega.

Unha boa fórmula de reflexionar sobre os apoios cos que se conta antes da redacción da programación podería ser a elaboración e auto-resposta dun breve cuestionario, xa que, ademais das cuestións lingüísticas, cómpre analizar como é o centro, que grupos de traballo existen e que dinamismo hai. Podería, por exemplo, facer preguntas coma as que seguen, que van achegar claves importantes para deseñar o proxecto:

1. Con canta xente podo contar para traballar no ENDLG?

- a. Estou soa /só
- b. Teño apoios só no departamento de LG
- c. Conto con profesorado dun par de departamentos, ningún de ciencias
- d. Conto con profesorado de varios departamentos didácticos, algún do ámbito científico
- e. Conto con xente de cada un dos departamentos didácticos

2. Existe un Equipo TIL no centro?

- f. Si e funciona regularmente
- g. Hai uns acordos TIL sobre terminoloxía (e/ou reparto de contidos) que se fixeron no pasado pero non hai un grupo que se ocupe diso.
- h. Non hai, nin houbo

3. Como funciona a biblioteca?

- i. Só se ocupa do préstamo de libros
- j. Organiza varias actividades pero todas en castelán
- k. Organiza varias actividades en galego

- l. Organiza moitas actividades e ten moito dinamismo pero en castelán
 - m. Organiza moitas actividades e ten moito dinamismo e usa o galego habitualmente.
3. Como son de activos e dinámicos no centro....? (Fago a análise para Igualdade, Convivencia e Benestar, Polos creativos, Club de Ciencia, Extraescolares...)
- n. Non funcionan
 - o. Fan algunha actividade puntual pero non inflúen moito na rapazada
 - p. Funcionan moi ben pero só en castelán
 - q. Funcionan moi ben e empregan o galego ás veces
 - r. Funcionan moi ben e empregan o galego en todas as súas actividades.
4. Organízanse actividades por parte de vicedirección, orientación ou departamentos didácticos que nada teñan que ver coa lingua galega, nas que se trae a xente externa. Cal é a posición cara aos seus usos lingüísticos?:
- s. Sempre se lles pide ás persoas relatoras que tenten usar a lingua galega e en xeral as actividades complementarias fanse nesta lingua
 - t. Só se lles pide algunhas veces, dependendo quen organice a actividade polo que só algunhas actividades son en lingua galega.
 - u. Non se lles di nunca nada e a maioría das actividades son en castelán

2.2.2. Deseño de obxectivos

Dignificar a lingua e aumentar o seu uso son dous obxectivos que sempre teñen que estar de maneira xeral en todos os proxectos ou programacións de Equipos porque, a nivel xeral, aínda que pensemos que non, cara á lingua galega hai un imaxinario con –máis ou menos– representacións negativas sobre o que hai que actuar. Tanto ten o número de falantes de galego que teñamos no centro, porque aínda que esteamos nun dos poucos centros en

que o galego é lingua habitual no contexto familiar e informal, isto non quere dicir que non haxa que traballar pola normalización do idioma para que eses usos se manteñan fóra da súa contorna ou en situacións formais. Daquela, o traballo arredor da dignificación da lingua é sempre imprescindible.

Obxectivos xerais (algúns exemplos)

- ▶ Fomentar o uso progresivo da lingua galega (dependendo do contexto poderán ser usos formais ou informais) e incrementar a competencia lingüística nos diversos estamentos da comunidade educativa.
- ▶ Dignificar o uso da lingua galega e empoderar as persoas que a empegan habitualmente.
- ▶ Consegurir que un grupo de persoas (docentes, alumnado ou pais/nais) se ILUSIONE coas actividades propostas ao longo do curso por este Equipo, e por ende, coa lingua galega.
- ▶ Artellar un proceso educativo e cultural que poña freo ao retroceso no uso do galego e que actúe de motor de cambio para mellorar as actitudes cara á nosa lingua.
- ▶ Establecer unha dinámica que visibilice que a nosa lingua é un vehículo de comunicación apropiado para todos os contextos e situacións comunicativas: novas tecnoloxías, vangarda artística, espazos urbanos, mundo laboral, etc.
- ▶ Presentarlles ás familias os valores identitarios do galego, as vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento para poñer en valor a importancia de transmitirlo aos fillos e fillas.
- ▶ Avanzar cara a unha normalización cultural (moi importante en centros cun alto nivel de migración).
- ▶ Traballar a prol do acollemento lingüístico (imprescindible con alumnado de fóra)
- ▶ Procurar o valor afectivo que pode achegar a lingua, partindo do respecto por todas as linguas que hai no centro.

Obxectivos de centro (algúns exemplos)

- ▶ Favorecer actitudes positivas, tolerantes, integradoras e abertas cara á lingua galega e as linguas en xeral.
- ▶ Conseguiar que o galego sexa a lingua vehicular do centro, tanto na redacción dos documentos externos como internos, amosando a este como un exemplo de normalidade lingüística da nosa contorna inmediata.
- ▶ Concienciar aos distintos axentes (familias, profesorado, alumnado, persoal non docente, institución e asociacións da contorna...) da importancia do galego non só como lingua senón tamén como factor de desenvolvemento social, cultural e económico, riqueza que é importante preservar e actualizar.
- ▶ Incidir no carácter do galego como lingua culta e prestixiada, como todas as demais, mais tamén como lingua de identidade da nosa historia e tradición, do noso presente e amosala como unha lingua de futuro.
- ▶ Dar a coñecer o Equipo e o seu traballo.
- ▶ Implicar a toda a comunidade educativa ao deseñar actividades para alumnado de todos os niveis, senón tamén para profesorado, persoal non docente e familias.

Logo, segundo a tipoloxía de cada centro, iranse modelando obxectivos cara ao profesorado, alumnado e familias.

2.2.3. Deseño de actividades

Coidado co efecto *Penélope*. Luces e sombras nas actividades dos ENDLG

Levamos máis de 30 anos de actividade dos Equipos e temos a sensación de que sempre se está a empezar. Sen formación do persoal e sen traballo coordinado e en rede, parece que o que se anda para diante uns anos desáñdase noutros. Este efecto *Penélope* vese ao comprobar como hai unha gran cantidade de actividades soltas que se botan a andar nos centros coma se nunca antes ninguén as fixese.

Na era das redes sociais e dunha aparente información continua, hai centos de exemplos que mostran a desconexión e a falta de continuidade

dun labor que tiña que se estar a rendibilizar moito máis. Non existiron, nin existen, canles que permitan sistematizar e aproveitar moitas tarefas ás que só se lles cambia o soporte para adaptalas aos tempos. Para organizar unha actividade de difusión de música en galego entre o alumnado ou de asentamento de léxico correcto podemos pensar en organizar unha *play-list* no primeiro caso ou uns vídeos para subir a TikTok ou a Instagram no segundo. Mais esas actividades xa se levan facendo desde, cando menos, os primeiros anos deste século. A diferenza é que antes o alumnado escollía as cancións que quería que se gravasen nun CD e os vídeos sobre léxico facíanse para subir a un blog. Aínda mudando o soporte, o procedemento, con avaliación de erros e de éxitos é un coñecemento que quedou perdido. E isto é o que temos que procurar cando tentemos imitar algunha iniciativa. Mergullármonos nas que están colgadas no Portal da lingua e copiar só un deseño pode que non nos resolva as nosas necesidades e que voltemos cometer os mesmos erros que xa cometeron as persoas que deseñaron a acción a primeira vez. Ademais alí está o resultado dunha acción concreta realizada nunhas circunstancias concretas, que poden non ser as nosas, algo que ás veces aumenta a sensación de incapacidade e a frustración.

Temos que ter presente que, así como todo, ou case todo, está xa inventado, cómprenos pensar ben que actividades son acaídas para o noso centro e como empregalas. Esta guía pretende mostrar un camiño no deseño de actividades, mais pode haber moitos e todos correctos, sempre que levan a que se cumpran os nosos obxectivos e estes estean ben definidos.

Criterios para o deseño das actividades

É normal que cada persoa coordinadora deseñe actividades nas que se sinta máis competente debido á súa formación ou paixón. Sexan estas o teatro, a música, a literatura, a matemática, a radio, a improvisación oral... poderán ocupar un lugar central na programación, pero non deberían ser únicas. É obvio que o ámbito que domine o profesorado do equipo vai ser sobre o que mellor poida deseñar actividades, mais debe desenvolver unha programación con actividades variadas referidas a ámbitos diferentes nas que poida participar todo o alumnado, sen esquecer que tamén temos que actuar coas familias e co resto do profesorado. Nin toda a rapazada vai querer facer

teatro, nin música, nin campañas, nin regueifa, nin contacontos, nin radio, nin debates... O ENDLG non debería estar asociado a unha única actividade, por moi exitosa que esta resulte.

Nun Equipo ideal con bastante profesorado que domina ámbitos diferentes e onde cada un pensa e organiza unha actividade, conseguiremos desenvolver un conxunto variado de actividades. Mais ante a falta desta casuística buscaremos o xeito de poder ofrecer actividades variadas adaptadas ás nosas posibilidades e ás do centro.

Desde hai moitos anos, cando sae á luz a convocatoria de axudas para os PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO, aparece un punto no que se detallan os criterios para a cualificación dos proxectos e en base a esta puntuación¹³ asígnase o incentivo económico para cada centro. É normal que para pedir unha subvención se miren estes criterios, que detallaremos a continuación, mais teremos en conta que deben ser orientativos e pensalos sempre en relación á nosa realidade segundo analizamos arriba. Non ten sentido facer un proxecto que, no papel, se adapte aos criterios, mais que logo non poidamos ou saibamos desenvolver. Os devanditos criterios son:

- a) Grao de **implicación activa** dos membros da comunidade.
- b) Nivel de utilización das **novas tecnoloxías**.
Páx. web, blogs, redes sociais, audiovisuais, radio, códigos QR, apps..
- c) Grao de **colaboración** con outras **institucións, entidades, asociacións** externas...
- d) Grao de **colaboración** con outros **centros**.
- e) Realización de **actividades plurianuais**.
- f) **Tipoloxía de actividades** organizadas durante o curso (*festas tradicionais, promoción da lingua oral e da lingua escrita, dinamización do centro e da contorna, intercambios...*).

En relación ao primeiro destes puntos, o ideal é que se tente deseñar un proxecto que, como xa dixemos, **implique** á maior parte da comunidade

¹³ A cualificación do proxecto divídese de forma ponderada entre o 80% que se lle dá á calidade do mesmo e o 20% que se lle asigna segundo o número de alumnado que teña o centro.

educativa. Este ten que ser o obxectivo, mais se estamos a comezar igual só podemos implicar a unha parte, e tamén está ben. O que non resulta moi normalizador para a comunidade é que deseñemos unha actividade moi vistosa e/ou con moita proxección fóra do centro pero que non teña ningunha –ou case ningunha– participación nin implicación dos membros da súa comunidade educativa. Aínda que o nome da escola ou instituto luza detrás deste tipo de accións, que adoitan ser únicas e nas que se inviste todo o orzamento, se non repercuten na normalización da propia comunidade, non ten moito sentido que se faga ese esforzo desde o ENDLG.

Outro aspecto que se avalía e que, efectivamente, ten moita importancia nun proxecto é o feito de ligar o galego á modernidade e ás **novas tecnoloxías**, mais aquí teremos que axustarnos ás posibilidades do noso centro e do noso equipo e, sobre todo, a que cubran os obxectivos que deseñamos. Non terá sentido abrir un blog para o alumnado de secundaria se a este non lle interesa escribir nel e moito menos lelo, mais se cadra si ten sentido nunha escola de infantil e/ou de primaria, destinado ás familias (onde se poida achegar información, por exemplo artigos con contido normalizador, ou onde se pode dar conta de actividades normalizadoras que se fan desde o centro e que se busca que continúen na casa). Mais teñamos en conta que se poden realizar actividades normalizadoras que sexan eficaces sen que interveñan as TIC, polo que non deixemos de realizalas só por non ver como pasalas a un formato tecnolóxico.

Tentaremos que o grao de colaboración con outras entidades ou outros centros teña sentido no conxunto do proxecto. Se deseñamos accións para que, por exemplo, o alumnado empregue o galego nas actividades deportivas, é normal que pensem en poñernos en contacto con aqueles clubs nos que o noso alumnado participa en maior medida e que teríamos que coñecer, porque, ademais do fútbol, en determinados concellos teñen forza os clubs de patinaxe, de remo, de atletismo, de karate ou de vólei... O ideal sería contactar con eles para, en primeiro lugar, comprobar a receptividade que poden ter a calquera tipo de proposta normalizadora. Coa súa colaboración podemos analizar as deficiencias, dificultades e oportunidades que se nos presentan neste ámbito e isto axudaranos a deseñar accións a curto e longo prazo. Mais se determinados clubs non están dispostos a colaborar tamén

se poden programar igualmente actividades para traballar desde o centro con alumnado e familias que participan nese ámbito. Este tipo de accións funcionarán mellor se se realizan polos centros de primaria e secundaria a un tempo, porque na maioría dos clubs a rapazada entra mentres está na primaria e continúa logo na secundaria. Lembramos que o deseño de calquera proxecto ten que partir das necesidades que detectemos no alumnado e dos obxectivos que marquemos, que deben ser realistas e factibles, mais tendo presente que, tanto a colaboración con outro ou outros centros de ensino, como con outras entidades, sempre vai crear un clima máis favorable para implicar o noso alumnado, profesorado¹⁴ e tamén as familias (con accións que as fagan involucrarse no que se deseña en cada caso).

No relativo á realización de **actividades plurianuais**, cómpre ter en conta que é un criterio que debería estar directamente ligado á **tipoloxía de actividades variadas** e este debería ser sempre un principio básico debido ao que explicamos arriba. Non resulta rendible realizar só un tipo de actividade, por moito que a desenvolvamos moi ben e por máis que teña éxito, porque é moi difícil dese xeito actuar sobre todas as necesidades normalizadoras que ten a comunidade educativa. E cómpre ter en conta que organizar só festividades ou efemérides (Samaín, Magosto, Entroido, Candeloria, Día de Rosalía ou Día das Letras), aínda que estean ben revestidas de espírito normalizador e que as fagamos ano tras ano, non entrarían no espírito do que son as actividades plurianuais que xa requiren uns obxectivos e un deseño con diferentes fases, que se terán que implementar en máis dun curso académico.

14 Dependendo de como se organizase un proxecto como o que se acaba de poñer de exemplo do ámbito deportivo, poderíamos implicar, dun ou doutro xeito, a moito profesorado tanto en primaria coma en secundaria. Nos dous niveis, ademais dos e das docentes de Educación Física que, aínda que non pertencen ao Equipo, a non ser que entren no grupo «hostil», sempre poderían implicarse de xeito doado, pódese pedir a colaboración de moito profesorado. Segundo o nivel ou niveis nos que traballemos pódese organizar un proxecto global para que desde matemáticas se fagan, por exemplo, medicións de campos; desde as ciencias naturais ou a bioloxía se traballe coa alimentación e o deporte, desde as linguas estranxeiras con vocabulario relacionado a partir da terminoloxía en galego que previamente tería que estar fixada...)

Erros que deberíamos evitar:

- ▶ Diseñar actividades que non se axustan ao noso centro.
- ▶ Programar actividades que non se van poder realizar por falta de persoal, de orzamento ou porque sabemos a priori que se lle van poñer moitos atrancos no centro.
- ▶ Atender na programación das actividades só a unha parte moi pequena da comunidade educativa.

Actividades para cada tipoloxía de centro

Se falamos que os proxectos se teñen que deseñar para cada centro concreto, hai que ter en conta, ademais da análise sociolingüística que vai determinar os obxectivos do noso proxecto, outras cuestións que determinarán tamén a tipoloxía e implementación de actividades.

Os **Equipos en infantil e primaria** funcionarán diferente segundo o centro sexa unha Escola de Educación Infantil (EEI), un centro con infantil e primaria (CEIP), un centro só de primaria (CEP), un colexio rural agrupado (CRA) ou ben un centro no que pode haber desde infantil ata secundaria (CPI). Unha persoa que teña que coordinar o Equipo nun CPI ten que obrigatoriamente deseñar actividades para todos os niveis educativos, para o que tería que integrar no equipo a docentes de todos eles e contar co alumnado de secundaria.

Estando nun CPI ou nun CEIP, cómpre ter en conta que a etapa de primaria é a máis longa e nela consolídanse as catro destrezas básicas da competencia comunicativa: comprender, falar, ler e escribir, polo que teremos que pensar en accións que incidan en todas e, de xeito máis elevado naquelas que notemos máis dificultades. Calquera dos dous centros nos dá tamén a oportunidade de planificar actividades entre niveis, facendo que a rapaza de maior idade actúe sobre a máis pequena (por exemplo, contándolles contos, con pequenas representacións teatrais, demostracións científicas, xogos populares....). Isto vailles permitir traballar ben a competencia aos máis vellos pero tamén que os máis novos aprendan dos seus iguais.

Nas EEI cómpre traballar moito coas familias e arredor da adquisición da lingua oral entre a cativada. Logo, segundo as particularidades de cada

escola en canto á súa realidade sociolingüística, haberá que centrarse no asentamento da lingua da casa nos contextos máis galegófonos, eliminar prexuízos arredor da súa variante dialectal e, sobre todo, procurar frear a perda da transmisión interxeracional.

Os equipos en secundaria ou nos centros integrados de FP ou de ensinanza especiais deben contar con, ademais do profesorado, alumnado. É importante que este se sinta parte integrante dos Equipos e que poida achegar as súas ideas no deseño das diferentes accións que se vaian programar e, por suposto, que forme parte activa da organización, desenvolvemento e avaliación.

A realidade dos centros integrados de FP, ou mesmo dos centros nos que se imparten ciclos de FP, ten unha complexidade engadida xa que, na maioría dos casos, falamos de alumnado adulto e de poucos momentos de estancia nos centros, exceptuando os das aulas. Cómpre ter en conta para estes centros que o artigo 9º do Decreto 79/2010 di que en todos os módulos cómpre garantir que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais. Sabemos ademais que é imposible que se cumpra a «oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais» por moita vontade e esforzo que poña o profesorado que está implicado na normalización da lingua galega e que elabora os seus materiais neste idioma. Daquela, o traballo terminolóxico (que debería estar coordinado con entidades coma o TERMIGAL e co Seminario de Lexicografía da RAG) é moi importante pero tampouco pode ser o único. Se non se traballa para eliminar representacións negativas que o alumnado poida ter cara á lingua, podemos caer en deseñar uns vocabularios moi bos en galego de moitos dos ámbitos, pero destinados a futuros profesionais sen vontade de empregarlos¹⁵.

Traballar na normalización do léxico das diferentes familias profesionais e crear bancos de recursos para compartir entre estas vólvese un traballo imprescindible.

15 A normalización da lingua no ámbito económico e empresarial tería que ir directamente ligada co traballo realizado nos centros das diferentes familias profesionais, mais mentres non hai ningunha acción desde instancias superiores que procure isto, desde os Equipos temos que traballar na parte que nos corresponde e, cando menos, mandar para as empresas profesionais competentes en lingua galega e cos menos prexuízos posibles para usala.

ble, igual ca a creación dun espazo compartido cos materiais que se van elaborando para poder facer uso destes. Pero aínda o é máis facerlle ver aos futuros profesionais o papel que teñen na normalización da lingua co seu uso no ámbito profesional.

2.2.4. Temporalización e orzamento

Xa comentamos arriba que a cuestión orzamentaria pesaba no desenvolvemento do traballo do ENDLG mais imos tentar que non anule o proceso normalizador. Obviamente non podemos depender só da asignación das axudas aos proxectos que convoca a Consellería e que se resolven a final de curso. É importante termos presente que, de non estar asignada, **debemos reclamar no centro unha contía económica** anual para o ENDLG. E sempre poderemos reclamar con máis forza se temos unha programación fundamentada, por iso é importante a redacción dun proxecto ben xustificado que, se o vemos oportuno, podería valernos para solicitarlle ao Equipo directivo (avalado polo consello escolar) unha partida extra que saia do remanente do centro.

O tema orzamentario inflúe na temporalización porque as partidas dos centros asígnanse por ano natural, non por curso académico. Daquela, se non temos remanente do ano anterior, pode ser que nos vexamos na obriga de planificar para o 1º trimestre actividades con pouco –ou ningún– custo. Se deseñamos un proxecto que requira un desembolso de diñeiro ao principio de curso, podemos pedir axuda ao centro para botar a andar e logo tentaremos buscar outras axudas para nos ir financiando. Debemos tamén considerar que o 3º trimestre é máis curto sobre todo porque en moitos centros tense acordado parar de facer actividades en maio, mais teremos que valorar se temos que imprimir produtos finais de proxectos, etc.

Programar con orzamento limitado

Se non conseguimos ningunha achega orzamentaria extraordinaria, se temos que programar con pouco diñeiro, teñamos en conta:

- **Cómpre valorar ben determinados gastos.** O custo de autobuses ou obradoiros destinados a un número reducido de alumnado ás veces fonden un orzamento reducido e hai que pensalo ben. Por exemplo,

contratar un autobús no que podemos mover a 52, ou cando moito 58, rapaces e rapazas podería considerarse para casos como, por exemplo, unha saída na que se premie o traballo do alumnado que estivo a colaborar co ENDLG no seu tempo de lecer. Aforramos custos se tentamos, por exemplo, coordinar unha saída do Equipo con outro departamento e compartir os gastos.

No relativo aos obradoiros, actuacións, representacións... hai que valorar ben os obxectivos que queremos cubrir e a oportunidade de que un grupo reducido de alumnado reciba unha formación específica. Ás veces tampouco procede contratar determinadas actuacións para un salón de actos abarrotado que non as aproveita e resulta máis acaído que asista un grupo reducido e que logo, de forma activa, este poida estender entre o resto o que aprendeu.

- ▶ **Aforrar apostando por actividades con baixo custo.** Hai unha serie de actividades que non teñen custo, ou este é moi baixo, e nas que o alumnado é o centro do proceso de aprendizaxe e do proceso normalizador. Por exemplo, na organización da celebración de determinadas efemérides ou días sinalados (Día de Rosalía, Letras Galegas, Día das matemáticas, Día da Lingua materna, Día da muller e da nena na ciencia...) podemos contar co alumnado para que lle explique, lle conte, lle cante, lle ensine... a outro calquera cuestión relacionada con ese día dentro das actividades que programemos. Organizar actuacións musicais en colaboración co profesorado de música, con rapazada á que lle gusta esta disciplina e que lle poden servir ademais para mostraren o seu talento, dános a oportunidade de crear un marco festivo. Mesmo, ao alumnado de secundaria, poderíamos propoñerlle que, en formato concurso ou ben de forma cooperativa, compuxese algo específico (con letra en galego), ou que adaptase unha composición xa existente. Tamén se poden dar obradoiros de pandeireta e baile tradicional a compañeiros e compañeiras. E, se temos nós unha formación mínima, podemos apostar por montar un Club de regueifa.
- ▶ **Buscar outros financiamentos.** Nos concellos onde hai SNL normalmente xa hai disposición a ofrecer algunhas actividades que podemos aproveitar e ademais podemos solicitarlle, segundo o noso proxecto, algunha

axuda concreta. Mais onde non se dá esa circunstancia tamén se pode explorar a vontade do concello para cubrir determinados gastos, pero tamén a de asociacións culturais, deportivas, veciñais, empresariais... coas que se poida colaborar dalgún xeito segundo o tipo de actividades que programemos. E, sempre temos que solicitar o apoio da ANPA. E dentro do propio centro, cómprenos colaborar coa biblioteca na programación de actividades porque, como xa comentamos, o seu financiamento é elevado. Programar concursos conxuntos, actividades das Letras, levar á biblioteca lecturas que nos acaian ou calquera actividade de oralidade (contos, recitados...) pode axudarnos a sufragar impresións de cartelería, premios, agasallos...

3. O Equipo: un reto

Pode ser que, se temos certa experiencia, coas indicacións anteriores xa axustemos unha programación acaída ao noso centro, mais se cadra non é así. Porque o reto que realmente nos supón o Equipo vai, ademais, depender de varios factores. Vai depender moito de se demos configurado un equipo de traballo que achegase ideas e que estea disposto a colaborar; vai depender dos apoios e colaboracións que existan no centro, do orzamento e dos condicionantes que teñamos segundo o que nos permita a voráxine das aulas con ratios moi elevadas, moita diversidade... Hai un lote de factores en xogo. Con todo, cómpre ter en conta, e que así se entenda tamén desde a dirección da nosa escola, que o Equipo pode axudar moito na atención á diversidade, así como na integración do alumnado. Ademais, en Secundaria, pola relación estreita que se establece co alumnado fóra das aulas, é un espazo acaído para detectar necesidades e establecer vínculos de confianza co alumnado que permiten e promoven intervencións máis humanas e inclusivas.

3.1. SEMPRE SE PODE FACER ALGO

Se, despois de leres todo o punto 2, aínda che parece demasiado elevado o reto que se che pon por diante para botar a andar o Equipo, achegamos uns consellos para desbloquear e dar os primeiros pasos. Calquera destas ideas que poidas aproveitar, deberías plasmalas na programación, sempre que che encaixen cos teus obxectivos. Podes atender ás seguintes cuestións:

1. **Galeguizar conmemoracións e efemérides.** Se non se che ocorren actividades pero no teu centro as conmemoracións teñen peso importante, o Equipo pode participar para engadir accións normalizadoras. Mais isto **non** quere dicir que o Equipo sexa quen teña que **organizar** estes even-

tos¹⁶, xa que lle correspondería ao departamento de actividades extraescolares, pero si colaborar con actividades que poden axudar a normalizar a lingua. Deixamos un cadro con algúns exemplos:

Comemoración	Propostas de accións para a normalización da lingua	Colaboracións ¹⁷
Samalín	• Gravación de vídeos ou pódcast con receitas que teñan como base a cabaza ou sobre como recortar e adornar cabazas. • Concurso de contos de medo (orais e/ou escritos¹⁸) • Representacións teatrais ou gravacións de teatro lido de medo ou terror...	Dtos. de linguas (TIL)
Magosto	• Selección de música en galego que se vai escoitar durante a celebración do magosto. • Xogos populares nos que alumnado de máis idade lle ten que dar as instrucións en galego ao máis novo para participar.	Dto. de música Dto. de E.Física
Nadal	• Proposta de lecturas en galego para agasallos. • Gravación de audios ou vídeos con pedimentos para o Apalpador. • No caso de realización de festivais, revisar e/ou reivindicar a presenza do uso do galego. • No caso de que haxa alumnado doutras nacionalidades: contan (polas aulas, na radio, en vídeos, nunhas gravacións...) como celebraban o Nadal no seu país de orixe.	Biblioteca Profesorado Dirección do centro

16 Con isto queremos dicir que organizar, por exemplo, o Magosto e comprar castañas non é unha actividade que lle corresponda ao Equipo, outra cousa é que poida influír para que, dentro da celebración do magosto haxa accións normalizadoras da lingua.

17 Estas colaboracións indícanse pensando principalmente en Secundaria, mais en Primaria tamén se pode ter en conta a colaboración entre as coordinacións de ciclo e tamén coa biblioteca.

18 Neste momento os relatos de medo que se poidan presentar escritos poden ser feitos por IA, daquela temos que saber que actitude tomar: ou desenvolver estratexias para controlar isto (nas bases indicamos que deben escribir no centro, pasarlle un detector...), ou ben, podemos aproveitar para que aprendan a facer un uso ético da IA poñendo o noso gran de area para a construción dos textos, pedíndolles citar a IA que empregaron e ademais que acompañen ao texto as indicacións que lle deron á máquina, aspecto que sería un parámetro máis para valorar.

Conmemoración	Propostas de accións para a normalización da lingua	Colaboracións
Entroido	• Difusión de aspectos do entroido tradicional galego. Pódense usar formatos moi variados (elaboración dun tríptico, exposicións de grupos de alumnado duns niveis a outros, gravacións de programas de radio, vídeos explicativos formato Tiktok...) • Revisar as bases de concursos para que se valore a presenza da lingua e músicas en galego.	Dtos. de linguas (TIL)
25 de Novembro	• Creación e difusión dun manifesto por parte de alumnado de cursos altos. • Selección de poemas ou lecturas para a eliminación da violencia contra as mulleres. • Representacións teatrais breves ou performances sobre a temática.	Dtos. de linguas (TIL) Dto de Igualdade
Día da Paz	• Elaboración un decálogo sobre o que supón a Paz lingüística (boas prácticas para que o galego non sufra ataques no noso centro) • Exposición cos <i>Albums da guerra</i> de Castelao, ao tempo que se comemora o seu nacemento (29/01) • Deseño dunha campaña que teña como eixe a necesidade de pacificación das linguas: nin vencedoras nin vencidas	Dtos. de linguas (TIL) Coord. de benestar e convivencia Dto. de música
Día de Rosalía ¹⁹	• Preparación dun recitado da súa poesía en galego segundo o nivel do alumnado que pode ter formato de concurso, de intercambio entre diferentes aulas... • Elaboración de deseños para determinados poemas ou versos da autora, que logo podemos imprimilos, plastificalos e repartilos pola contorna do centro²⁰.	

19 Aínda que este Día de Rosalía xa se pode organizar especificamente como unha actividade desde o Equipo, se non a desenvolvemos, colocamos algunhas ideas porque, xa que é unha conmemoración das que aparecen no calendario oficial, esteamos pendentes de que realmente se fagan actos e, sobre todo, que non se desvirtúe o espírito normalizador que debe ter ese día.

20 Esta actividade leva anos realizándose nos colexios de infantil do concello de Ames.

Conmemoración	Propostas de accións para a normalización da lingua	Colaboracións
Día de Rosalía	• Distribución de versos da poeta polo centro segundo o formato que lle queiramos dar a este día cada ano e segundo o orzamento (vinilos, folios, tarxetas...), mais é importante que a rapazada sexa activa no proceso e non só que reciba o resultado, aínda que este poida ser máis vistoso desta última forma. • Organización de actos simbólicos, por exemplo chantando plantas que se poden relacionar con ela: roseiras, pensamentos... • Realización dun photocall con versos, pensamentos, reivindicacións... da autora.	
Calquera na que se convide a vir xente ao centro para realizar actividades co alumnado	• Solicitalles previamente o uso do galego, sempre que lles sexa posible, no desenvolvemento das súas actividades ou actuacións dentro do centro (sexan do tipo que sexan).	

2. **Galeguizar actividades que xa hai en marcha no centro** ou que se van poñer a funcionar. O Equipo, como vimos, debería ser un elemento transversal que colabore con todos os outros departamentos. O TIL, pero tamén o club de ciencias, o grupo de igualdade, o de Polos creativos... desenvolven actividades nas que podemos colaborar, ben no deseño, ben no desenvolvemento, poñendo sempre un punto normalizador. A modo de exemplo, podemos propoñer²¹:

a. **Para o Club de ciencias:**

- ▶ a realización de vídeos científicos en galego como unha das actividades que promova o Club.
- ▶ axudar nas exposicións públicas de experimentos a crear conciencia de que a ciencia tamén se pode explicar e recibir en galego

²¹ Estas actividades que se lles poden propoñer a outros grupos de traballo, tamén se poden desenvolver por extenso promovidas desde o ENDLG, mais cando non nos vemos capaces e estes grupos están activos e con persoas que teñen certa sensibilidade cara á lingua, se se lles lanza a posibilidade, poden ir dinamizando a lingua neses eidos.

(Elaboración de carteis e/ou adhesivos, chapas... con lemas que recollan esta idea, por exemplo «Podo explicarcho en galego», «Cóntamo en galego», «A ciencia non ten lingua» ou «A ciencia tamén ten lingua», dependendo de onde queiramos poñer o foco...)

b. Para o Equipo de igualdade:

- ▶ Diseñar conxuntamente actividades para conmemorar o 25N, Día da muller e da nena na ciencia, etc. (exposicións, gravacións...) e achegar selección de textos en galego sempre que se precisen. Realizar actividades como «Poesía contra a violencia» con textos de obras enfocadas na violencia contra a muller, que se poden pendurar no centro, recitar, convidar a autoras/es...

c. Para Polos creativos:

- ▶ Impresión de códigos QR en Polos creativos para calquera sinléctica que queiramos facer no centro ou no patio e que leven a unha web onde haxa documentación en galego, poemas, música... Pódense poñer QR nas portas das aulas se están dedicadas, ao lado das árbores do patio, etc.
- ▶ Se a radio depende de Polos Creativos, avaliar os programas que se fan en galego, e se non somos quen de nós organizar coa rapazada un programa de radio, procurar aliados/as entre as persoas que a levan para aproveitar ao máximo a súa potencialidade, solicitando que o alumnado faga uso do galego dalgún xeito, aínda que sexa esporádico (vid punto 3.2.1 para deseñar unha actividade de radio en galego).
- ▶ Realización de vídeos en galego. Ademais de propoñerlle ao alumnado que use o galego na elaboración dalgúns dos vídeos que teña programados, podemos pedirlle que nos axude a crear o espazo para que alumnado que estea a facer algunha actividade connosco poida gravar co chroma. Por exemplo, o profesorado de polos coloca e prepara o material e o espazo para que a rapazada poida ir gravar vídeos para concursos de recitados literarios, de explicacións matemáticas, mesmo os vídeos que lles podemos propoñer que fagan no club de ciencias (e nós premiariamos os que estivesen en galego).

3. **Participar en actividades que se ofrecen desde entidades externas.** Accións como as propostas dentro do *Tíralle da lingua* (concurso de relato oral) ou do *Correlingua* envíanse aos centros con toda a documentación, propostas, regras, posibilidades de participación.... Este último contén accións pra realizar actividades antes do propio día da carreira. Propostas que van desde o Crealingua (concurso de creación en calquera disciplina artística) ata o Cantalingua, pasando polo Regueifando ou polo traballo co manifesto... Son accións múltiples que debemos difundir entre o profesorado animándos para que traballe, segundo gustos e opcións, cos grupos que poida.
4. **Implicar as familias,** sobre todo do alumnado de infantil e primaria, mais tamén de secundaria.
 - ▶ Achegarlles elementos para a reflexións sobre a situación da lingua e a súa recuperación.
 - ▶ Pedir colaboración para viren explicar ao centro algún tema, do seu dominio, en galego.
 - ▶ Organizar gravación de videos xunto coa rapazada para explicar calquera cuestión proposta arredor dos proxectos que deseñemos, ou mesmo das conmemoracións...
 - ▶ Pedirlles apoio para desenvolver algunha fase da nosa actividade máis completa e vistosa. Son imprescindibles no desenvolvemento de actividades arredor da toponimia, por exemplo.
5. **Reivindicar as Letras Galegas de xeito anual.** Cómpre facer actividades para dar a coñecer as persoas homenaxeadas pero, sobre todo, aproveitar para reivindicar o espazo que merecen as nosas Letras en xeral. Non é preciso desesperar se o persoeiro do ano non nos é acaído para traballar co noso alumnado porque sempre podemos organizar (e non só en maio) «Letras Galegas na biblioteca» para promover a lectura en galego, «Letras Galegas e Internet²²» para promover publicacións en galego nas redes, ou mesmo unha campaña conxunta «En contra das discriminacións» para o día 17 de maio, no
6. **que tamén se comemora o Día internacional contra a LGTBfobia,** etc.

22 O 17 de maio tamén é o Día Mundial das Telecomunicacións.

7. **Aproveitar a lusofonía.** Por un lado, o amplo mundo lusófono supón unha axuda importante para fornecernos de materiais e recursos como apoio didáctico. Darlles a coñecer a compañeiros e compañeiras audiovisual, música, libros informativos de diferentes ámbitos... para que poidan usar nas aulas ou en actividades é unha acción importante e non custosa. Por outro lado, axudamos a crear conciencia de que nos abre portas para a comunicación a nivel mundial. Pódese afondar máis, e non só en centros nos que non se imparta portugués, ao establecer, por exemplo, un Día da lusofonía por mes, ou por trimestre, no que se traballe con, poñamos por caso, cancións portuguesas que deixan á vista que a lingua irmá ten moitas similitudes coa galega. Nos centros onde haxa estudantes de portugués, poden ser abandeirados e abandeiradas de actividades que dean a coñecer en todo o centro a cultura e a lingua do país veciño (desde unha actividade que leve a cantar o Grândola o 25 de abril ata unha exposición sobre calquera autor relevante da cultura lusa, ou mesmo sobre a lusofonía en xeral).
8. **Dar a coñecer o ENDLG e as súas actividades** é sempre preciso porque o que non se difunde non se coñece e a xente non sabe da súa existencia. É bo crear unha canle de difusión das actividades do Equipo, que pode ser un espazo na web do centro, un blog específico, unha conta nalgunha rede social, nun pódcast de radio, no caso de que esta exista, ou simplemente cartelaría no taboleiro que teñamos deseñado. Estes espazos tamén poden servir para traballar arredor do discurso, provocar reflexións necesarias e, sobre todo, demostrar que o labor de normalización da lingua galega é necesario, porque a lexislación pide a nosa intervención e esta nunca se pode interpretar como un atentado á neutralidade ideolóxica.

Tendo en conta as indicacións anteriores e desenvolvendo algunhas (aínda que sexan poucas) das ideas achegadas, xa se vai estar contribuíndo á normalización e dinamización da lingua galega no centro, polo tanto xa se está tendo un papel importante no obxectivo que nos ocupa.

3.2. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES.

ALGÚNS EXEMPLOS

Nesta epígrafe imos deixar algúns exemplos de actividades que tanto se poden desenvolver todo o curso ou só nalgún dos trimestres. Algunhas delas poden ser plurianuais e moitas adaptacións para facer só no propio centro ou en colaboración con outros centros.

Como xa se dixo arriba, dependendo de se estamos nun centro máis ou menos galeguizado e tamén o tipo de centro que sexa, teremos que perfilar uns obxectivos ou outros e a descrición da actividade deberá variar. Aquí déixanse algunhas propostas para desenvolver catro tipos de actividades de índole moi diferente. Non quere isto dicir que sexan as mellores nin as elementais, simplemente son exemplos de accións que xa foron desenvolvidas con éxito en moitos centros e que, en xeral, as circunstancias permiten desenvolverlas en case todos. Tampouco, seguindo o que se explicou arriba, están descritas para copiar para unha programación senón para que, tras a súa lectura, se poida ter unha idea para poder poñela en práctica, adaptándoa cada Equipo ás súas posibilidades e circunstancias.

3.2.1. Normalizar a través das ondas.

As radios dos Equipos ou os Equipos na radio

OBXECTIVOS

Propoñemos algúns obxectivos, do ámbito estritamente lingüístico, que poderían ser:

- ▶ Promover o uso da lingua galega, sobre todo no rexistro oral a través da locución, pero tamén do rexistro escrito á hora da realización de guións.
- ▶ Crear un espazo para a práctica da lingua, tanto formal como informal, por parte de alumnado castelanfalante, pero tamén por parte de alumnado que é galegofalante só na casa, para darlle a oportunidade de lucir as súas capacidades (para contextos maioritariamente galegofalantes)
- ▶ Crear un espazo para a práctica formal da lingua, así como para fixar a variante dialectal libre de interferencias do castelán (para contextos con grande número de galegofalantes)

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Segundo a colaboración, formación e experiencia que teñamos coa radio, podemos deseñar máis ou menos programas, mais o que é fundamental é ter claro que o que se busca é crear un espazo para que a rapazada empregue a lingua galega, sobre todo nun contexto formal, pero tamén en contexto máis informal. Dado que a emisión en directo é complicada, imos dar unhas ideas para o formato pódcast que é o máis doado.

Se a radio está en funcionamento e non temos moita capacidade de acción, xa se explicou no punto 3.1 como proceder. Mais se podemos ter un espazo de uso habitual ou regular desa radio que xa funciona, ou ben se a montamos desde o Equipo (Vid. no apartado de orzamento as diferentes opcións), só nos queda deseñar o traballo con ela.

Na radio pódese traballar exclusivamente desde a aula ou, en secundaria, como actividade complementaria fóra da aula. O que hai que deseñar son os tipos de programas que queremos facer coa rapazada, ou que lle imos propoñer que faga. O alumnado de secundaria e bacharelato pode, en pouco tempo, se lle gusta a radio, volverse bastante autónomo, mais sempre sabendo que se precisa unha planificación e un traballo previo á emisión nas ondas.

Se se vai traballar nas aulas, o pódcast pode ser o produto final de moitas tarefas sobre calquera cuestión que queiramos que o alumnado desenvolva oralmente, simplemente ten que adaptarse a este formato. Podemos deseñar un programa sobre un xénero literario en xeral ou sobre ese xénero nunha época, sobre historia da lingua, sobre gramática, sobre sociolingüística ou calquera temática. A intención é que os diferentes episodios do devandito programa os teñan que deseñar os alumnos e alumnas como produto que vai servir de avaliación dunha tarefa da secuencia didáctica que teñamos programada. Cómpre ensinarlle ao alumnado modelos de pódcast (dialogado, monologado ou de entrevista) e darlle as indicacións básicas para a elaboración dun guión. Podemos deixarlle escoller o tipo de pódcast que quere facer para organizar os traballos en grupo.

Nas aulas de reforzo, por exemplo, para o alumnado que ten exención de segunda lingua estranxeira, adoita funcionar moi ben o teatro lido. Escóllense obras de teatro adaptadas á idade e á competencia, tanto poden ser en

galego como se poden traducir doutras linguas, o que si cómpre é adaptalas para facer radio teatro, xa que o teatro que non é representado precisa de acomodar varias cuestións a partir das acotacións, atendendo coidadosamente a crear e gravar os sons imprescindibles. En xeral con pouco esforzo adoitan conseguirse grandes resultados.

Como actividade fóra das aulas, normalmente funciona ben que se organicen grupos de colegas para elaboraren programas sobre os seus intereses: deportes, música, variedades, novidades do IES ou da comarca, lecturas... Para iso cómpre reunilos en recreos, ou fóra de horario lectivo, unha tarde, ou un mediodía cando haxa aulas de tarde, para darlles as instrucións e revisarlles os guións. É necesario que deseñen eles e elas o seu programa, poñan un título, escollan a música (facilitarémolles un banco de músicas libres de dereitos) e escriban os guións. Logo este teñen que partillalo con noso para que llelo revisemos antes de gravar. A periodicidade coa que van gravar os diferentes episodios é recomendable que a establezan elas e eles segundo as súas posibilidades. Se queren facer programas enteiros de entrevistas, ou ben só entrevistas dentro dalgún episodio e a persoa entrevistada non se pode achegar ao estudo de radio, está a opción telefónica. O ideal é ter un cable para enganchar o teléfono á mesa de gravación e que o son entre directamente desde o aparello para a mesa, mais, de non ser así, sempre se pode resolver achegándoo ao micro, fórmula que, sen ser a ideal, con teléfonos de alta calidade de son, pode dar un resultado aceptable e adoita ser unha actividade moi satisfactoria para a rapazada.

ORZAMENTO

Se hai radio no centro, por exemplo a que enviaron co material de Polos creativos, e non se está a usar, podemos pedila en préstamo. Tendo o material só nos cómpre procurar un espazo para colocala e, na medida do posible, poñerlle algo de espuma ás paredes para que as gravacións non queden con eco.

Se non temos ningunha radio no centro, podemos solicitar a principios de curso o programa Radio na Biblio. Se o conceden, teríamos orzamento para comprar o material necesario básico para montar un pequeno estudo

(mesa, micros, altosfalantes...) e mais para formación. Con todo, hai que dispoñer de espazo, ou no peor dos casos, buscarlle un currunchito na propia biblioteca.

Se non contamos con nada do anterior, pero temos vontade, podemos falar co equipo directivo se está disposto a facer o **investimento básico**. Unha mesa con seis entradas de micros²³ de calidade aceptable pódese comprar por uns 260 euros; os seis micros poden encontrarse por arredor de 80 euros e os soportes para os micros por 70€. Logo precísase comprar tamén cables para os micros, saída de audio, mesturador de auriculares... que no total poden sumar por volta de 800 euros. O investimento pode parecer moito, pero dura moitos anos e compensa se se emprega porque é unha moi boa ferramenta didáctica normalizadora.

3.2.2. Normalizar nas materias STEAM

OBXECTIVOS

Os obxectivos hai que centralos sempre nas actividades que se deseñen, mais deixamos algúns que considero sempre entrarían:

- ▶ Demostrar que o galego é unha ferramenta plenamente válida, eficaz e atractiva para pensar, razoar e comunicar coñecemento científico.
- ▶ Eliminar prexuízos arredor da lingua galega.
- ▶ Fomentar o pensamento crítico.

DESCRIPCIÓN

Estas actividades funcionan mellor se temos no equipo algunha persoa dos departamentos implicados, mais, sen ser así, poden organizarse perfectamente sempre e cando non se opoñan as e os docentes deses departamentos.

Así como se indicou arriba que se lle poden propoñer actividades ás persoas que levan Polos creativos ou o Club de ciencias, tamén as podemos programar conxuntamente, ou ben deseñalas desde o Equipo e pedir colaboración puntual para a súa implementación.

²³ As mesas que envían no programa de Polos creativos traen catro entradas de micro e están ben, mais, desde a miña experiencia, pola diferenza de cartos é mellor unha de seis.

Hai accións que xa se desenvolveron en varios centros con algunhas variantes e que tiveron bo resultado. Pensamos por exemplo en organizar **concursos de vídeos científicos** na nosa lingua. Poderían ser sobre curiosidades científicas, experimentos, bulos, explicacións de física... mesmo avarías informáticas, electrónicas ou de calquera módulo profesional de os levarmos a centros de FP. O ideal é limitar o tempo do vídeo, algo que xa pode ir no propio título do concurso «Medio minuto (ou «Un minuto») de ciencia en galego» ou «Explícao en menos de un minuto»... Se se distribúe polo centro, coa colaboración dos departamentos científicos para que axuden a motivar a rapazada, xa está ben. Se ademais se animasen a incluír a actividade dentro dunha SD ou a premiarlo dalgún xeito, o éxito estaría máis asegurado. A entrega de premios podemos fixala nun día onde queiramos reivindicar a ciencia en galego: en novembro –mes da ciencia– ou en febreiro, co gallo do *Día da muller e da nena na ciencia*, efeméride que normalmente se organiza desde Igualdade e á que nos podemos sumar con accións deste tipo.

Nas bases do concurso ten que quedar claro que os vídeos deben ser en galego e na rúbrica da corrección para o xurado (onde é ben que sempre haxa representación da rapazada que conforma o ENDLG) ten que ter un peso concreto esta cuestión, ao lado da capacidade divulgativa, a calidade audiovisual, o interese para o público e os elementos que queiramos colocar.

Tamén podemos organizar **concursos para resolver retos matemáticos**, como por exemplo a iniciativa organizada conxuntamente polos IES do Miladorio, Ames e Negreira co **πlleite!**, un concurso matemático que sitúa a lingua no centro xa que a rapazada ten que resolver, en grupo, un reto matemático por mes, falando en galego e logo gravar a explicación de como o fixo. Se se organiza entre varios centros dunha comarca, pode ter un aliante a maiores porque permite logo facer unha final na que compitan as persoas gañadoras de cada centro²⁴.

Máis alá dos concursos, pódense facer accións diversas. Unha delas é **nos patios** dos centros e permite convidar os departamentos de bioloxía, tecnoloxía e matemáticas nun primeiro momento para que poidan axudar a, por exemplo, crear unhas placas con **códigos QR** para poñer ao lado das

24 Esta actividade está explicada por extenso no número 96 da RGE (Revista Galega de Educación) que vai saír proximamente.

especies vexetais que existan. Poderíase pedirlle ao profesorado de bioloxía que preparase unhas fichas cos nomes científicos, onde se realizase unha pequena descrición, curiosidades, propiedades... que logo se enlazaría cun código QR que se imprimiría nunha placa (realizada en tecnoloxía) e que se chantaría no patio. Podemos alongar a colaboración e pedirlle ao departamento de plástica que realice deseños das tales plantas coa rapazada dalgún nivel, ao de LGL que procurase algún texto acaído a cada elemento, o de Música que escollese coa rapazada unha peza relacionada en cada caso e mesmo que a interpretasen, a gravasen e a subisen ao enlace a onde vai levar o QR... e así poderíamos seguir a pensar en facer un lote de actividades máis que se nos ocorresen ao redor disto, tamén con outros departamentos.

O traballo do departamento de tecnoloxía coa rapazada podería ampliarse cara á impresión das placas e a construción dos chantóns de madeira para colocar as devantitas placas no seu lugar. Desde o departamento de matemáticas poden facerse diferentes medidas dentro do propio patio, mais tamén desde o patio a outros lugares onde hai esas especies na vila, no concello ou fóra de Galicia... e logo gravaren un vídeo ou audio explicándoo, material que iría tamén parar á información do QR. Tamén se pode, coa colaboración de Matemáticas, elaborar estatísticas coas especies ou elementos vinculados e cuxos resultados, redactados en galego, engrosarían esa información á que se chegaría co QR.

ORZAMENTO

Esta actividade pode realizarse con poucos recursos se colabora o centro coa impresión das placas. Se se queren imprimir fóra hai que barallar opcións que existen máis alá do metacrilato e que dan moi bo resultado. Tamén se lle poden pedir axudas a organismos locais, por exemplo ao concello.

En canto aos premios dos concursos, ás veces cun vale na cafetería podemos agradecer o esforzo do alumnado facéndolle entrega del nun acto público de recoñecemento diante da comunidade educativa. Se os departamentos están ben dotados economicamente e poden achegar diñeiro, sempre se pode comprar algún elemento educativo.

3.2.3. Normalizar sen esquecer as nosas orixes: regueifa, toponimia...

OBXECTIVOS

Nos dous casos hai un obxectivo importante que é a recuperación e mantemento do patrimonio. Mais non pode ocorrer con esta actividade o que pasa, ás veces, que se restauran lavadoiros e muíños cando non se adaptan á actualidade e non se lles dá un novo uso axustado aos tempos. A regueifa e a toponimia, cada unha no seu ámbito, poden ser fórmulas para valorar o noso patrimonio inmaterial e subir a nosa autoestima como colectividade, mais cómpre non caer en facer traballos etnográficos ou que só ligen a lingua cun pasado que quedou, como moito, nos seus avós ou bisavós.

Obxectivos particulares para calquera actividade de regueifa, poderían ser, entre outros:

- ▶ Promover o uso oral do galego.
- ▶ Crear espazos en galego para a creatividade.
- ▶ Ligar a lingua coa música e a poesía.
- ▶ Recuperar o noso patrimonio e valorar as nosas orixes e manifestacións culturais.
- ▶ Ligar o alumnado co territorio no que vive.
- ▶ Promover a interxeneracionalidade.

Algúns obxectivos particulares para actividades de toponimia:

- ▶ Ligar o alumnado co seu territorio e cunha cultura milenaria.
- ▶ Poñer en valor a lingua a través da procura da súas orixes.
- ▶ Recoller (en zonas rurais) microtoponimia.
- ▶ Concienciar sobre o valor e a conservación da toponimia.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Á hora de deseñar calquera destas dúas actividades cómpre valorar tanto os apoios que imos ter doutros departamentos coma a nosa formación nestas temáticas. Ningunha das dúas cuestións impide que se desenvolva plena-

mente e con bos resultados, simplemente que hai que organizar as accións de xeito diferente. No caso da regueifa, poderemos organizar e desenvolver a actividade con máis ou menos afondamento, dependendo de se contamos ou non con persoas especialistas en música e/ou que teñan bo control da improvisación oral. Para o traballo coa toponimia, é importante saber se teríamos apoios dos departamentos de linguas, de todos (LGL, LCL Latín e Grego se houber) ou só dalgún, e mais do departamento de Xeografía e Historia. Calquera das dúas actividades se poden realizar só desde o Equipo e sen colaboración cos outros departamentos, mais a programación ten que ser diferente porque xa vai estar moito menos presente nas aulas.

Desde o Equipo pódese dinamizar un Club de regueifa, mais se nun primeiro momento vemos isto como un reto moi grande, podemos empezar por algo máis simple. Mais tampouco deberíamos reduci-lo a organizar un obradoiro de regueifa que queda nunha sesión de 90 minutos nos que nalgunha rapazada prende a semente da improvisación oral. Daquela, cómpre, a seguir aos obradoiros, pensar nun espazo e un tempo para o encontro dese alumnado interesado e que practique. Se houbese a colaboración dos departamentos mencionados arriba, unha regueifa pode formar parte de tarefas de calquera secuencia didáctica e o asentamento e espallamento sería moito mellor.

Se non hai orzamento para o obradoiro, mais temos interese na actividade, na páxina do *Enreguéifate* hai vídeos formativos básicos, igual que moito outro material de interese. Tamén é moi positivo tentar crear redes e entrarmos en contacto con xentes doutros lugares que fan regueifa porque, ademais do sempre enriquecedor intercambio e convivio, poden ver e experimentar diferentes estilos e formas de facer. Se non poden realizarse encontros físicos (que sería o ideal), sempre se pode tirar algo do dixital e mesmo se poden animar a lanzar regueifas e desafíos, a través das redes.

En relación á toponimia cómpre ter presente para a súa programación que, ademais dos condicionantes anteriores, tamén inflúe o hábitat do noso centro. Pódense organizar accións arredor dela tanto en centros rurais coma urbanos, aínda que de xeito diferente. Nos centros rurais, nos que o alumnado –e as súas familias– está máis ligado co territorio, poden desenvolverse, a partir dunha pequena formación previa, desde recollidas de microtopo-

nimia en colaboración do proxecto Toponimia de Galicia (incluíndoas na páxina *Galicia Nomeada*), ata a elaboración de vídeos no propio territorio no que se explique o significado do nome do lugar (dan xogo especial os orotopónimos, hidrotopónimos e os fitotopónimos, mais tamén poden servir en moitos casos os zootopónimos e haxiotopónimos). Mais o recomendable non é que o traballo se restrinja a unha descrición do significado, mesmo que sexa en relación ao lugar. O importante é que no traballo da elaboración do vídeo estea –máis ou menos explícita– a importancia da conservación dunha lingua que naceu neste territorio hai miles de anos. Unha vez asentada esa reflexión pódense facer outras accións concretas, por exemplos escritos de queixa pola perda de topónimos á hora de denominar unha nova urbanización ou a deturpación dos mesmos en centos de rotulacións.

Nas áreas urbanas pódese traballar co nome das rúas e/ou barrios e localizar a toponimia aínda existente. Coa axuda de mapas antigos e outra documentación pódense procurar os nomes que existían antes da urbanización dalgúns espazos e tamén se poden facer denuncias de estragos cos nomes de lugar que detecten. É imprescindible a mesma reflexión ca no caso das zonas rurais pero a maiores hai que tentar ligar o alumnado co seu territorio, sobre todo o de orixe migrante de 1ª ou 2ª xeración. En moitas áreas periurbanas das cidades e mesmo en moitos barrios dalgunhas delas, nin boa parte do alumnado nin a súa familia ten raíces nese lugar, se cadra, máis alá dunha ou dúas xeracións. Esta actividade, desenvolta do xeito que nos permitan as circunstancias do centro e da urbe, pode servirllle ao alumnado, sobre todo vido de fóra, para entender que temos unha lingua propia que naceu nun territorio concreto. Deseñar, por exemplo, un metrominuto polas rúas que estean denominadas por topónimos, pode dar moito xogo, porque logo pode enviárselle ás familias para que o practiquen ou mesmo ao concello para que o publiquen. Mais calquera acción que non perda de vista a recuperación da toponimia e, sobre todo, a reflexión e concienciación sobre a lingua, vai achegar bos resultados.

ORZAMENTO

Estas poden ser actividades realizables case sen custo dependendo das circunstancias. Se no centro non hai quen dea unhas bases sobre a regueifa e

queremos contratar un obradoiro, cómpre contar con ese gasto, mais tal e como expliquei tampouco é imprescindible. Igual que non o é o autobús para realizar un encontro con outro centro.

Do mesmo xeito, a toponimia pódese traballar sen ter que movermos nós o alumnado, aínda que se hai opción de contratar un autobús pódese facer unha saída polo territorio dirixida despois dun traballo previo para que se aproveite .

3.2.4. Normalizar e integrar. O alumnado migrante

OBXECTIVOS

- ▶ Integrar o alumnado migrante no centro.
- ▶ Aprenderlle a lingua ao alumnado que chega ao noso territorio.
- ▶ Combater prexuízos.

DESCRIPCIÓN

Nos centros onde hai alumnado migrante, pódese realizar unha actividade cun grao de dificultade e custo baixos: a elaboración dun programa de voluntariado e acollemento lingüísticos, en colaboración co grupo de convivencia e coa dirección do centro. Mentres non mude a lexislación e siga existindo a exención en lingua galega para todo o alumnado, tamén o de orixe lusa, e mentres non se implementen as aulas de adquisición de linguas, cómpre actuar minimamente para axudar a este alumnado. En colaboración co departamento de orientación e mais co equipo de benestar e convivencia, pódese desenvolver un programa de voluntariado lingüístico no que a rapazada galegofalante (ou que domine o galego e non mude ao castelán con persoas que falen esta lingua), serve de apoio para a inclusión –tamén lingüística– da rapazada migrante. Pode ser unha actividade básica pero importante, tanto para o acompañamento no centro como para a introdución á lingua galega. Mais aínda que a actividade sexa sinxela, o alumnado debe entendela na súa importancia, polo que é recomendable facer algún tipo de contrato para que asinen ambas partes, así como deseñar unhas normas para os encontros e mesmo un espazo, un punto para atopárense mentres non teñen moita


confianza. Unha opción para desenvolver este voluntariado é negociar un recreo á semana no que as parellas que se formen estean xuntas. Nun primeiro momento, se as circunstancias o requiren, a persoa axudante tentará introducir á súa parceira na vida do centro. Se xa non é necesario este paso porque forma parte dunha comunidade que xa fixo este labor previo, pode comezar xa por cuestións culturais e ao mesmo tempo lingüísticas. Un pequeno agasallo periódico que premie o compromiso e o esforzo por ambas partes sempre anima no proceso.

Esta actividade sempre funciona mellor se hai un retorno, isto é, se non se ve sempre o que chega de fóra nunha posición de desvantaxe. Cómpre ter en conta que hai que valorar tamén a súa cultura e o seu saber. Deseñar calquera actividade intercultural en que poidan amosar e tamén poñer en valor o seu é un paso na integración. Expoñer ou explicar comidas, bailes, festividades, tradicións... en espazos que encaixen nas programacións anuais vese coma un intercambio e así a vontade de aprender do noso adoita aumentar. O uso do galego nestas actividades estaría tamén apoiado polas persoas voluntarias.

Ao tempo é preciso intervir coas familias para que perciban adecuadamente e sen mediación de prexuízos, a existencia –e presenza no sistema educativo– do galego como lingua propia da nosa comunidade. Pódese elaborar algún tipo de documento en colaboración cos outros centros de ensino da contorna e mesmo co concello (sobre todo se houbera Servizo de Normalización Lingüística) para achegarlles ás familias informando destas cuestións.

ORZAMENTO

A base desta actividade pode realizarse cun custo moi baixo, xa que se pode resolver cuns mínimos que pasan pola impresión duns carnés ou tarxetas e os agasallos ao esforzo e constancia que poden ser vales para a cafetaría.



Exemplo de tarxeta que tiñan as persoas participantes no programa no IES do Milladoiro. Na parte interior escribían o tema do que falaban en cada un dos seus encontros e selábaselle ese mesmo día para deixar constancia.

4. A xeito de peche

Para quen chegou ata aquí lendo, ademais de agradecerlle o esforzo, gustaríame tirarlle o medo a emprender tarefas normalizadoras, da índole que sexan, no seu centro educativo. Se mesmo neste punto vos parece un reto complicado o traballo normalizador nunha escola ou instituto, pensade que calquera paso que se dea para diante é, ademais de importante, moi necesario. E lembrade que non se trata tanto do que se programe e deseñe, senón a intención con que se faga. Se a intención é procurar a dignificación da nosa lingua e a conservación e extensión dos seus usos entre os membros da nosa comunidade educativa, calquera actividade vai dar un resultado positivo, aínda que non sexa moi vistosa, nin moi complexa, nin estea nas redes, nin abarque un grande número de persoas destinatarias nun primeiro momento. Iso xa poderá vir co tempo.

Innovar e adaptarse aos tempos é o ideal, mais tamén é certo que, tal e como se dixo ao principio, hai xa moito traballo feito que está agochado e que se pode reutilizar ou, cando menos, valorar para que nos sirva de base. Busquémoslo pero para adaptalo sempre ás circunstancias do noso centro. E en relación con isto, cómpre tamén tecer redes de colaboración, pois este é sempre un traballo pendente para que os Equipos se volvan conectar e aproveiten as enerxías, sabedorías, materiais, produtos e ideas duns para outras e outros.

E para finalizar, non esquezades avaliar a vosa programación e as vosas actividades (tanto o resultado coma o procedemento para desenvolvelas).

De aquí en diante, comeza a vosa andadura. Bo camiño normalizador!

